

correlingua

VINTE
COA
LINGUA!
2020



BASES PARA O CONCURSO DE VÍDEO

1. Este concurso divídese en dúas categorías:

1.1 Categoría de educación infantil e primaria: pode participar dentro dela alumnado que estea a cursar educación infantil e primaria en calquera centro de Galiza, que conte coa debida autorización dos seus responsábeis legais (pais, nais ou titores). A participación será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente UNHA aula completa (como máximo 25 alumnas e alumnos).

1.2 Categoría de educación secundaria obrigatoria e bacharelato: pode participar dentro dela alumnado que estea a cursar educación secundaria e bacharelato en calquera centro de Galiza e que non supere os 20 anos de idade, que conte coa debida autorización dos seus responsábeis legais (pais, nais ou titores) no caso de menores de idade. A participación será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente UNHA aula completa (como máximo 25 alumnas e alumnos).

2. O vídeo deberá estar de acordo cos **OBXECTIVOS** xenéricos do Correlingua, que son:

- Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
- Sensibilizar a sociedade, a través da poboación xuvenil, da importancia da defensa da lingua galega.
- Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e interdisciplinares.
- Contribuír a manter vivo o maior patrimonio creado polas galegas e os galegos e implicar as xeracións máis novas no cumprimento deste obxectivo.

3. A extensión do vídeo será dun máximo de 3 minutos e deberá desenvolver total ou parcialmente a idea do lema da edición 2020: **vinte coa lingua**, inspirado no 20 aniversario do Correlingua.

4. As e os participantes deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na páxina web: <http://correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-no-video/> **antes**

do día 1 de febreiro de 2020 e enviar as súas gravacións **antes do 16 de marzo de 2020** en calquera soporte dixital, ben ao enderezo electrónico correlingua@gmail.com, ben ao enderezo:

CORRELINGUA , Avenida de Lugo 2A- Entresollado A ,15702, Santiago de Compostela

No envío indicárase o **pseudónimo do grupo**, e nun documento anexo deberán facilitarse os seguintes datos:

- nome das persoas que compoñen o grupo, centro escolar e curso ao que pertencen.
- teléfono de contacto.
- autorización de pais, nais ou titores ou certificación conforme o centro escolar posúe estas autorizacións.

Dentro do vídeo non poderá aparecer o nome do centro, curso ou calquera outro identificador. Co fin de garantir a imparcialidade, só se incluírá dentro do vídeo, se así se quixer, o pseudónimo do grupo.

5. O xuri estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. A decisión do xurado será inapelábel.

6. Haberá un premio consistente en:

- Unha viaxe para cada categoría. Ademais, farase entrega dun diploma acreditativo para os grupos gañadores que serán entregados nun acto público.
- **Unha clase maxistral dunha persoa profesional do sector audiovisual no propio centro de ensino do grupo gañador en cada categoría.**

7. Os traballos gañadores (un da categoría infantil-primaria e outro da categoría secundaria-bacharelato) serán proxectados no acto de presentación do Correlingua 2020.

8. Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web e redes sociais do Correlingua.

9. Os vídeos presentados NON poderán facerse públicos antes de que os publicite a organización do Correlingua.

10. Os traballos entregados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua, así como nas redes sociais como Facebook, Twitter ou Instagram. Para estes efectos as e os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.

11. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

Correlingua

www.correlingua.gal

Facebook, Instagram: Correlingua

Avenida de Lugo 2A, entresollado A

15702- Santiago de Compostela

tlf: 698180557